

Ramón Mariño Paz
Universidade de Santiago de Compostela; <fgga1011@usc.es>

Cronoloxía da desaparición dos participios verbais terminados en *-udo* en fontes galegas medievais*

1. Estado da cuestión e obxectivo do traballo

Nos distintos manuais, artigos e monografías en que esta cuestión se trata reítérase, ainda que con algunas diferenzas, a seguinte información histórica. A orixe dos participios rematados en *-udo* semella situarse no latín imperial, cando a terminación -U|TUS, que ao primeiro só era propia dos verbos da CIII¹ latina terminados en -UERE e mais en -VERE no infinitivo (BATTŪTUS, MINŪTUS, SOLŪTUS, STATŪTUS, etc), pasou a usarse con case todos os verbos que tiñan o perfecto acabado en -UI, incluíndo entre eles algún caso da CIII romance coma o noso VENĪRE > *vēir* > *vñir* (*HABŪTUS, *TENŪTUS, *VENŪTUS, etc.) e os seus derivados. Finalmente, a terminación -ŪTUS propagouse á xeneralidade dos verbos da CII romance resultante da fusión da CII e a CIII latinas, e en lugares coma Sicilia mesmo invadiu unha boa parte do territorio da desinencia -ĪTUS; con todo, algúns verbos retiveron o seu participio pasado forte paroxítono (como NATUS –ao pé de *NASCŪTUS FACTUS, SCRĪPTUS...) (cf. Grandgent, 1970: 266-267; Nunes, 1989: 316-317; Williams, 1975: 188-190; Piel, 1989: 237-238; Maia, 1986: 749-750; Ferreiro, 1995: 302-303).

Nas linguas da Romania central e mais no romanés a terminación -U|TUS consagrouse como a propia dos verbos procedentes da segunda e a terceira conjugacións latinas. Tamén se utilizou na Iberorromania central e occidental, mais parece que en castelán a desinencia participial *-ud-* non chegou a arraigar tanto coma no galego e no portugués. De acordo con Lloyd (1993: 585-586), as fontes escritas castelás acusan unha clara recesión das formas acabadas en *-udo* a principios do século XIV, e ao final da mesma centuria tales formas estaban xa praticamente mortas; no esencial, esta é tamén

* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *Gramática histórica da lingua galega*, posto en marcha polo Instituto da Lingua Galega coa subvención económica da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

¹ Neste artigo CI significará “primeira conjugación”, CII “segunda conjugación” e CIII “terceira conjugación”.

a cronoloxía que presenta Penny (1991: 192-193). Polo contrario, no occidente ibérico esta mudanza produciuse máis demoradamente. Segundo Lorenzo (1995: 676), nas fontes galegas dos séculos XIII e XIV predomina a terminación *-udo* para os participios dos verbos da CII e para *vīr* e derivados, pero despois vaise imponendo *-ido*. Para Coelho (1870: 130) e Williams (1975: 188-189), a desaparición da variante antiga consumouse e portugués no século XVI, sendo *creudo*, *leudo*, *teudo* e outras formas derivadas destas as unidades que máis resistencia ofreceron (cf. Carvalho, 2001: 382). Con esta estimación concorda basicamente Clarinda Maia (1986: 750-751; 1994: 59), quen, ademais de advertir que a cronoloxía da substitución non foi a mesma para todos os verbos, precisa que, mentres que nos textos literarios portugueses a perda de vitalidade dos participios acabados en *-udo* se foi producindo progresivamente a partir do século XV, na documentación non literaria tal desaparición demorouse algo máis:

os textos não literarios que estudei revelam a persistência dessas formas durante mais tempo: na região portuguesa, ainda na segunda metade do referido século [o XVI], tais formas eram de emprego frequente; na Galiza, os últimos documentos estudados, do primeiro quartel do século XVI, revelam bastantes exemplos dessas formas (Maia, 1986: 751).

Máis recentemente, Maria José Carvalho mostrou que na documentación elaborada desde finais do século XIV, e en todo tipo de xéneros textuais, poden distinguirse “três grupos de verbos que apresentaram diferentes ritmos evolutivos nas suas terminações participiais, decorrentes das afinidades combinatórias dos sons da cadeia falada” (Carvalho, 2001: 407):

- Grupo 1. Verbos que teñen no participio un lexema acabado nun fonema consonántico alveolar (/ʃ/, /ʒ/, /r/, /r/²), dental (/d/, /t/) ou palatal (/ʒ/, /ʃ/, /k/): *conoscer*, *cozer*, *querer*, *correr*, *entender*, *meter*, *tanger*, *mexer*, *tolber*. Nas fontes do século XV os participios destes verbos presentan xa comunmente a desinencia *-id-*, áñda que os que teñen lexema acabado en consoante fricativa prepalatal sonora ou oclusiva dental semellan perdurar algo máis, pero xa con sabor arcaico. Na farsa titulada *O juiz da Beira* (ca. 1515-1526), de Gil Vicente, áñda se pon *creçudo* na boca dunha campesiña.
- Grupo 2. Verbos que teñen no participio un lexema acabado nun fonema consonántico labiodental ou bilabial, tanto fricativo coma oclusivo (/f/, /v/, /m/, /b/, /p/): *sofrer*, *aver*, *temer*, *saber*, *romper*. Neste grupo as variantes innovadoras superan as antigas na prosa literaria do segundo cuartel do século XV, coa excepción dos participios dos verbos *aver* e *saber*, que só comezan a ceder no terceiro cuartel da mesma centuria, áñda que en formularios diplomáticos cohabitaron ata os inicios do quiñento con *avido* e *sabido*.
- Grupo 3. Verbos con hiato vocálico no participio: *creer*, *leer*, *teer*, *veer* e os seus derivados. Nestes grupos as variantes innovadoras, coñecidas desde antigo, semellan comezar a competir seriamente coas tradicionais desde mediados do XV. No século XVI o participio antigo de *ter* (*teúdo*) evidencia unha tendencia a especializarse semanticamente na acepción de ‘moralmente obrigado’.

² Na realidade, Carvalho (2001: 407) só menciona o fonema /r/, áñda que inmediatamente despois exemplifica co verbo portugués *requerer*. Con todo, creo que da súa exposición se deduce que no grupo 1 deben integrarse tanto a consoante vibrante simple coma a vibrante múltiple.

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN -UDO EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

A meu parecer, a proposta de Carvalho resulta atinada, polo que o traballo que aquí presento debe entenderse como un complemento do seu. O que pretendo é apoiar a análise da autora portuguesa ofrecendo datos tirados de fontes galegas de entre os séculos XIII e XVI que se poden encadrar en dúas grandes tipoloxías xenéricas: a dos textos literarios e historiográficos e a dos textos notariais. Eventualmente, de a análise revelalo necesario, farei algunha precisión relativa á cronoloxía da mudanza nas obras galegas. É certo que algunha das fontes que eu explorei para este traballo xa foi estudiada por M. J. Carvalho³; nestes casos soamente tratarei de completar a información proporcionada pola miña colega. Por outra parte, quero advertir que revisei tamén a lírica profana medieval aínda sendo consciente de que non se pode considerar galega ou exclusivamente galega; mais, a meu parecer, nin para este nin para outros traballos deste estilo se debería prescindir dun punto de referencia de tan grande importancia lingüística.

Finalmente, desexo aclarar que non escribín este artigo coa intención de entrar no debate das causas desta mudanza lingüística, de modo que me limitarei a dicir que me parece que se debe relacionar coa histórica tendencia á neutralización entre a CII e a CIII que se deu non só no galego, senón tamén noutros romances do seu contorno. Deste punto de vista, considero especialmente dignas de atención dúas circunstancias: o feito, xa sinalado por Piel (1989: 238), de a maioría dos verbos con antiga desinencia participial *-ud-* teren os seus pretéritos de indicativo rematados na vogal /i/, que desde aí se estendería analoxicamente ao seus participios; e, por outra parte, “a falta de apoio estrutural no resto do verbo para a vogal *-u-* no participio”, oportunamente advertida por Joaquim Mattoso Câmara (1979: 159).

2. Textos literarios e historiográficos⁴

Son moi elocuentes os datos extraídos do conxunto da poesía lírica relixiosa e profana do século XIII e a primeira metade do XIV (CSM e LP). Nestes textos é norma case incontestada o emprego da desinencia *-ud[o(s), a(s)]* para a formación dos participios regulares da CII e do verbo *vñir* e derivados, e a eles soamente chegan contados heraldos dunha mudanza lingüística que daquela, como adoita suceder, seguramente avanzaba con bastante máis vigor na lingua oral ca na lingua escrita.

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
ud[o(s), a(s)]	99,75	91,50	87,75	22,25	78,50	5,75	82,50	5,75
id[o(s), a(s)]	0,25	8,50	12,25	77,75	21,50	94,25	17,50	94,25

Táboa 1. Porcentaxes de participios regulares da CII e de *vñir* e derivados terminados en *-ud[o(s), a(s)]* e en *-id[o(s), a(s)]* en textos literarios e historiográficos.

³ Debo advertir que no caso da colección documental HG-P só escrutei os textos elaborados en lugares actualmente pertencentes a algunha das catro provincias galegas.

⁴ Non ofrezo datos estadísticos para o fragmento dun *Livro de Tristan*, unha fonte do terceiro cuartel do século XIV en que só se rexistra unha forma de cada tipo: *atrevidamente* (FT 157) e *conocuda* (FT 26).

Nas *Cantigas de Santa María* non contabilicei como innovacións os participios *repentido* (CSM 272.57, 302.20) e *repentidos* (CSM 233.48), xa que nesta obra se emprega de contínuo o infinitivo *repentirse* e distintas formas verbais propias dun para-digma da CIII: *repentide-vos*, *repentiu-se*, *repentiron(se)*, *repentindo-se...*. Con todo, tamén se detectan nas CSM formas de presente de indicativo que tanto se poden considerar da CII coma da CIII (varios casos de *repente(se)*) e mesmo dúas ocorrencias do participio *repentuda* (CSM 62.19, 117.35), en ambos os casos en posición de rima. Ao lado disto débese considerar que nas CSM o verbo *remir*, sempre da CIII tanto nesta obra coma no conxunto das nosas fontes medievais (cf. Lorenzo, 1968; Cunha, 1994; DCECH), presenta o participio *remeudos* (CSM 119.19) en rima con *perdudos*. Finalmente, hai que dicir que nestas cantigas aparece o participio *changid'* (CSM 135.46) para o verbo *changer* (< lat. PLANGERE), que, se no galego medieval é sempre da CII (con algúnhia variante fonética coma o *chanzer* de GE 23.33), no castelán antigo oscila entre a CII e a CIII (cf. DCECH); por tanto, puidera ser que a coñecida apertura de CSM ao castelanismo propiciase a utilización deste participio. Por outra parte, convén contemplar todos estes datos relativos a *repentirse*, *remir* e *changer* como manifestacións da tamén coñecida fluidez con que algúns verbos circularon entre a CII e a CIII ao longo da historia da lingua galega.

A exploración das cantigas profanas só me proporcionou sete casos de participios regulares da CII innovadores, fronte a setenta e sete coa desinencia antiga. Eses sete testemuños da innovación son *desvencida* (LP 18.11.9; B 495, V 78), *espargido* (LP 30.28.7; B 1309, V 914), *fodido* (LP 100.2.6, 13 e 20; B 1330, V 936), *fodidos* (LP 120.16.2; B 1626, V 1160) e *sabido* (LP 114.2.1; B 843, V 429). Para o caso de *fodido*, paga a pena transcribir a seguinte observación de Lapa (1970: 310), na que o participio acabado en *-udo* se correlaciona, xunto con outras formas, co carácter tardío da composición: “Este escarnho anda atribuído no CBN a Mem Rodrigues de Briteiros e no CV a João Fernandes d’Ardeleiro. Parece-nos que a atribuição ao segundo se justifica por se tratar de uma composição de época tardía, talvez 2º quartel do séc. XIV, conforme sugerem formas já evolucionadas, como *mai*, *traz* e *fodido*, em lugar de *madre*, *trage* e *fodudo*”. Tampouco lle pasou desapercibido a Lapa o *fodidos* dunha cantiga de Pero da Ponte, onde vai en rima con *maridos*⁵: “Forma curiosa –comenta–, em vez de *fodudos*. A analogía com a desinéncia dos verbos en *i*, tería sido provocada pela malsonância das 3 vogais em *u*” (Lapa, 1970: 508). Rodrigues Lapa semella atribuír este cambio á acción da disimilación, de modo que a súa explicación valería só para a unidade léxica *fodudo(s)*, e non para o conxunto dos participios regulares da CII. Finalmente, *desvencida*, *espargido* e *sabido* comparecen, tamén en posición de rima, en cantigas de Afonso X, Estevan da Guarda e Paio Gómez Chariño, respectivamente⁶:

⁵ Véxase: “Eu digo mal, com’ ome fodimalho / quanto mais posso daquestes *fodidos* / e trob’ a eles e a seus maridos” (LP 120.16.1-3).

⁶ Convén non esquecer que *desvencida* e *espargido* son restauracións dos editores, pois, como indica Lapa (1970: 46, 175), o que nos códices realmente se le é *desmentida* (CBN, CV), *espargando* (CBN) e *espargardo* (CV). Mais tamén é certo que a rima esixe en ambos os casos voces rematadas en *-ida* e *-ido*, respectivamente.

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN -UDO EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

O colbe colheu-[a] per ūa malha
da loriga, que era *desvencida*;
e pesa-m' ende, por que essa ida,
de prez que ouve mais, se Deus me valha, (LP 18.11.7-10)

non faz mester a ti, Fernan Chancon,
d' ir entençar come torp' e avorrido
nen te loares come quen s' engana,
e de palavras torpes e d' oufana
e de posfaço seer *espargido*. (LP 30.28.3-7)

¡Ay, Santiago, padrón *sabido*,
vós mh' adugades o meu amigo! (LP 114.2.1-2).

Infírese do dito que na lírica profana a norma de formar os participios que aquí se estudan coa desinencia *-ud/o(s), a(s)J* admitiu moi poucas excepcións, todas elas correspondentes a verbos que pertenecen aos que Carvalho considera grupos 1 (*desvencer, espargir, foder*) e 2 (*saber*). Esta norma seguramente pairaba sobre un estado de variación que na lingua oral, e xa desde o século XIII, debía de dar unha maior cabida ás innovacións con *-id/o(s), a(s)J*. Ora, en cantigas de autores más ou menos tardíos (Chariño, Estevan da Guarda e Men Rodriguez de Briteiros –ou, de ser o caso, Johan Fernandez d'Ardeleiro–) ou, polo menos, de autores que non foron das primeiras xeracións (Afonso X, Pero da Ponte), rexístranse sete ocorrencias de participios terminados en *-ido(s)*, catro delas en posición de rima. Moitos xogares e trobadores debían de ser conscientes da dupla posibilidade que a lingua oral daquel tempo lles ofrecía para a formación dos participios regulares da CII e, aínda que case sempre optaron pola solución tradicional consagrada na koiné literaria da época, non faltou quen nalgúnha ocasión se acollese á outra posibilidade, especialmente se o artificio da rima llo pedía. Por outra parte, o feito de non se rexistar ningún caso de participio regular da CII terminado en *-ido(s), a(s)J* no *Cancioneiro da Ajuda* fala tamén do carácter relativamente tardío desta innovación.

No terreo da prosa historiográfica e literaria salta á vista a gran discordancia existente entre TC e GE⁷ na primeira metade do século XIV, entre CT e HT na cincuentena seguinte e, finalmente, entre MS e CI, nun período de delimitación incerta que decorre entre o século XIV e o XV. É evidente que, nun escenario de mudanza lingüística, haberá textos más abertos ca outros a acoller a innovación e, por outra parte, que esta maior apertura poderá obedecer a razóns relacionadas coas biografías lingüísticas dos seus autores ou tradutores: lugar de nacemento, lugar de residencia habitual, viaxes e estudos realizados, etc. Mais, cos escasos datos de que dispoño, resultaría arriscado vincular decididamente a preferencia de GE, HT e CI polos participios rematados en *-id/o(s), a(s)J* que aquí estudio con algún dato relacionado coa variación diatópica, diastrática ou diafásica do galego daquela época. En todo caso, o que si se pode afirmar a partir dos datos consignados na táboa 1 é que, xa desde as primeiras décadas do século XIV (cando se traduciu para o galego a *Geral Estoria*, GE), a variante

⁷ Carvalho (2001: 388-389) sinala un 10 % de formas innovadoras en TC (fronte ao meu 12.25 %) e un 79 % en GE (contra o meu 77.75 %). Ignoro as causas destas discordancias, que en todo caso son pequenas e non alteran en absoluto o substancial.

-id/o(s), a(s)] para os participios regulares da CII e do verbo *vñir* e derivados debía de ser unha opción solidamente instalada no romance galego, especialmente –supoño– en certas variedades da lingua que actualmente non podemos identificar. Os autores e/ou tradutores de HT e de CI extremarían a preferencia por esta variante que xa se advirte en GE, mentres que os de TC, CT e MS se decantaría con sensible diferenza pola variante antiga *-ud/o(s), a(s)]*. Con todo, cabe supoñer que cando a *Crónica de Santa María de Iria* (CI) se compuxo, entre os anos 1467 e 1468, a mudanza lingüística que neste artigo se estuda estaría xa nunha fase moi avanzada na lingua galega oral, o que explicaría a exigua presenza da variante antiga *-ud/o(s), a(s)]* tanto nesta crónica coma en textos notariais coetáneos que axiña revisaremos.

Elaborada entre 1295 e 1312, TC presenta unha distribución lixeiramente desequilibrada das minoritarias variantes innovadoras (un 12.25 % do total) nas súas tres grandes partes: menos numerosas na tradución da *Primera Crónica General*, a súa presenza aumenta na tradución da *Crónica de Castilla* e mais na da *Crónica Particular de San Fernando*. A maioría de tales formas innovadoras pertencen ao primeiro dos grupos delimitados por María José Carvalho: *acollidos, basteçida, collido, combatidos, conquerido, cõquerido, conqueridos, conquerida*⁸, *conquirida, cõquerida, contecido, descosidas, enfingidas, espargidas, espargido, faliçido, naçido, naçidos, naçida, ongido*⁹, *perdidos, tollido, tollida e tragidas*. Certa representación adquieren tamén as formas do segundo grupo: *avida, cabida, comido, comjdo, comida, mouydo, mouidos, mouida, mouyda, rremouydo, sofrido e sofrida*. Ora ben, tanto nun grupo coma no outro acho predominio claro das variantes antigas. Con todo, debo advertir que estas non se usan en TC nos casos dalgúns verbos que teñen o seu lexema terminado en consoante lateral palatal (non hai *acolludo, colludo* nin *tolludo*), fricativa prepalatal sonora (non hai *enfinjudo, esparjudo* nin *onjudo*), africada predorsodentoalveolar xorda (non hai *naçudo*), fricativa apicoalveolar sonora (non hai *descosudo*), vibrante simple (non hai *conquerudo*), nasal bilabial (non hai *comudo*) ou oclusiva bilabial sonora (non hai *rremovudo*, áinda que si *movudo*). No terceiro grupo, cando menos nos termos en que semella ser definido por Carvalho, a variante antiga non sofre competencia: *aeudo, aueudos, aueudos, aviudo, desaueudos, desauíudos, leuda, leudas, liuda, mâteudo, teudo, teudos, teuda, teudas, ueudo, uebudo, ueudos, uebudos, veuda, uiudo, viudo*; no entanto, si se dá a innovación en tres verbos con hiato *-ae-* no infinitivo, dous dos cales (*caer* e *traer* ‘atraizar’) oscilaron historicamente entre a adscrición á CII e a adcrpción á CIII: *caydos* (99.18) e *cayda* (852.39), de *caer* (sempr con infinitivo da CII en TC, e sen ningunha ocorrencia da desinencia *-ud-*); *rretreydo* (139.20-21), de *rretraer* (usado ao pé de *rretreer* en TC, e con presenza de *retraudo* –877.57– e *retraudos* –893.78–); e *traydo* (128.69) e *traydos* (175.19, 193.34) (sen ningunha atestación da alternativa *traudo* en TC). Finalmente, a variante innovadora apaerece nos castelanismos *engreydo* (832.20; probable deformación de *encreído*, de *creer*, cf. DCECH), *venido* (402.6, 858.10, 866.6) e *venjda* (512.2).

A tradución galega da *General Estoria* (GE) afonsina, realizada na primeira metade do século XIV, presenta un 77.75 % de representación da variante innovadora. A alter-

⁸ O infinitivo usado en TC é *conquerer* (328.6, 842.23, 890.12, 891.18), *cõquerer* (891.33-34).

⁹ O infinitivo usado en TC é *vnger* (658.40).

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN -UDO EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

nativa conservadora mantense en seis verbos do grupo 1 (*conosçudos, coñosçudos, cõnosçudas, conosçudas, entendudo, entêdudos, entenduda, perdudo, tangudo, teçudo, vendudos e vendudas*), en catro do grupo 2 (*atrebudos, atreuudos, lambuda, sabuda e temuda*) e noutros catro do grupo 3 (*aviudo, creudos, leudos e teudo*). Do primeiro grupo, só *tanger* e *vender* non sofrén competencia da variante maioritaria *-id*: *tangudo* (34.26), *vendudos* (273.21), *vendudas* (195.20); do segundo, só *atreuuer(se)*, *lamber* e *temer* se ven libres dela: *atrebudos* (34.14), *atreuudos* (21.32), *lambuda* (213.21), *temuda* (159.24); do terceiro, ningún verbo presenta a variante innovadora en GE. Nesta crónica o uso moderno revélase constante con vinte e oito verbos do grupo 1 (*açender, adormeçer, aduzer, aprender, asconder, contâger, correr, cozer, defender, descoñescer, emçender, esparger, espauorescer, estabelescer, estender, falescer, garneçer, merescer, meter, naçer, prometer, rretorçer, sumeter, tender, toller, torçer, trager e vençer*) e con oito do 2 (*aperçeber ou apreçeber, beber, comer, corrôper, mover, rreçeber, tremer e viuer*).

Co seu 21.50 % para a variante innovadora, a *Crónica Troiana* (CT) acabada en 1373 supón un acusado retroceso a respecto de GE, mais un avance non desdeñable en relación con TC. Ora ben, débese ter presente que, como xa advertiu Lorenzo (1985: 97-98, 136-137, 162), mentres que a parte do texto elaborada por Fernán Martís amosa unha notable variación entre *-ud-* e *-id*¹⁰, a non escrita por el manifesta unha patente preponderancia da solución antiga que tamén se observa nos títulos dos capítulos. Na parte debida a Fernán Martís, onde son maioritarias as ocorrencias de *-ud-*, a innovación xorde con vinte e dous verbos do grupo 1¹¹, ben como única opción (*abater, acoller, amortecer, basteçer, cõquerer, escarneçer, estender, estorder, naçer*), ben en concordancia coa preponderante variante antiga (*acorrer, asconder, cofonder, coñosçer, defender, entender, fender, meter, perder, prometer, tender, vençer e vender*); está en sete do grupo 2¹², sen (*apremar, preçeber*) ou con competencia (*apreçeber, atreuer(se), mouer, rreçeber, temer*); e non se rexistra para os do grupo 3 (*creer, desauñir, descreer, mätejer, rretejer, tejer, uñir*), incluíndo nesta ocasión *retraer: retráuda* (202.21), *rretrabuda* (105.8), *rretrabudas* (82.9, 306.28), *rretrabudo* (94.18, 98.12), *rretrabudo* (29.35, 48.5, etc). Polo contrario, nos folios de CT non escritos polo clérigo Fernán Martís a innovación só se documenta con verbos do grupo 1: con exclusividade nos casos de *amortecer, basteçer, ençender e toller*; en concordancia coa opción antiga cando se trata de *naçer e prometer*. Nesta parte, a desinencia *-ud-* é a única que se utiliza con dezanove verbos do grupo 1 (*açender, acorrer, asconder, châger, co(n)fonder, coñosçer, defender, entender, esparger, estabelescer, estender, fender, gradeçer, malconfonder, meter, perder, tender, uençer, uerter*) e con todos os que pertencen ao 2 (*aperçeber, atreuer(se), mouer, perçeber, rreçeber, rronper, saber, sofrer, soruer, temer*) e mais ao 3 (*creer, detejer, tejer*) (incluíndo *rretraer e traer: retráuda* (437.6), *rretraúdas* (396.7, 444.8), *rretreúdo* (514.47), *rretraúdo* (273.36, 281.25, etc.), *traúdo* (423.4), *traúdos* (390.15, 18, 409.11)). Finalmente, nos títulos a innovación só se dá en *naçido* (508.2), sendo constantes en adoptaren a variante *-ud-* os verbos

¹⁰ A este respecto, resulta paradigmático un sintagma coma “uelçudos et moujdos” (116.58-59).

¹¹ Trinta son os verbos deste grupo que se rexistran nesta parte.

¹² Once son os verbos deste grupo detectados nesta parte.

maltraer, meter, rrečeber e vencer. En definitiva, podemos afirmar que CT mostra como, ante unha mudanza lingüística en marcha, o clérigo Fernán Martís adoptou unha posición bastante aberta á innovación (agás no caso dos verbos do grupo 3), mentres que os outros escribas fixeron o contrario.

A *Historia Troiana* (HT), datable na segunda metade do século XIV, acusa unha marcadísima preferencia pola variante innovadora (94.25 %). A mudanza está moi consolidada tanto nos verbos do grupo 1 coma nos do 2: só escapan a ela *cōbatudos* (120.7), *perduto* (136.12, coa alternativa moi maioritaria de *perrido*), *tēduto* (126.13, coa alternativa tamén moi maioritaria de *tendido*), *atrebuda* (296.35) e *temudo* (276.7, con preferencia marcada por *temido*). O uso da desinencia innovadora *-id* é constante con case todos os verbos (trinta e tres) do grupo 1 (*abater, acoller, acontecer, acorrer, adormecer, aduzer, amortecer, asconder, basteçer, cōfonder, coñoscer, defender, encender, entender, escarneçer, escoller, esmoreçer, esparger, fender, fijer, maltrager, meresçer, meter, nascer, padesçer, prender, prometer, rrender, tanger, toller, trager, vençer, verter*) e tamén coa maioría (oito de dez) dos do 2 (*apreçeber, mover, preceber, rreçeber, rromper, saber, sofrer, soruer*). En troques, o grupo 3 permanece incólume, sen concesións á mudanza (*aveudos, criudo, leudo, leuda, māteudo, tyudo, vjudo*), coa xa coñecida excepción dos verbos con hiato *-ae-* no infinitivo: *rretraydo* (111.27, 184.34, 284.41, 350.17, 362.35, 371.17), *rretrayda* (130.24), *traydo* (281.25), *trayda* (372.5).

Os *Miragres de Santiago* (MS), datables probablemente cara ao final do século XIV, volven á preferencia pola variante tradicional, que atinxé nada menos ca un 82.50 % de representación. O uso moderno só se encontra con cinco verbos do grupo 1 (*aduzer, entender, froleçer, prometer e vençer*) e un do 2 (*rreçeber*), mais alternando co tradicional nos casos de *vençer* e *rreçeber*. A desinencia *-ud-* emprégase como única opción con sete verbos do grupo 1: *asconder, cōfunder, conuçer, erguer, meter, perder e vender*. Non se rexistran nesta fonte verbos do grupo 3.

Por último, a *Crónica de Iria* (CI), escrita entre 1467 e 1468, amosa xa un 94.25 % de representación para o uso moderno. Só un participio dun verbo do grupo 3 escapa nela a esta tendencia: *contiudas* (2.4, 6.5). Nos grupos 1 (*asconder, elegir¹³, finçer, perder, responder, trager, vençer*) e 2 (*amover, aver, envolver, reçeber, ronper, saber*) a variante *-id-* semella consolidada.

3. Textos notariais

Os datos consignados na táboa 2 evidencian que foi no século XV cando se produciu o gran salto adiante da variante innovadora nas fontes notariais galegas. En HG-P, mentres que soamente unha das 54 ocorrencias do século XIII¹⁴ e unha das 27 do

¹³ Ademais de *elegir* (4.11) e *elegeron* (4.11, 5.4), rexístrase tamén *elegir* (5.6) en CI.

¹⁴ Con todo, recordemos que Carvalho (2001: 386) detectou outros dez casos de participios con desinencia *-id-* nunha serie de documentos galegos –a maioría lugueses– de entre 1254 e 1292. Seis deles son correncias da forma *conocida*, contida na fórmula “Conocida cousa seja”, que se repite constantemente. Por tanto, esta innovación morfolóxica xa lograra unha notable acollida neste tipo de textos durante a segunda metade do douscentos. Tamén a logrou, como apunta Carvalho (2001: 387), nos foros de Castelo Rodrigo, que hoxe coñecemos a través dunha copia realizada pouco antes de 1296: neste texto os participios con *-id-* alcanzan nada menos ca un 94 % de representación.

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN *-UDO* EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

XIV presentan a desinencia *-id* (*conosçida*, p. 140, ano 1292; *costreñgida*, p. 62, ano 1399), ascenden xa a 30 de 56 as que o fan nos textos do catrocentos (*ascondidas*, p. 95, ano 1405; *resçebidos*, p. 111, ano 1450; *tangida*, p. 120, ano 1475; etc.). Canto a USC, ao paso que unicamente 14 dos 165 testemuños do XIV teñen *-id-*, suman xa 73 de 190 os da centuria seguinte. Pola súa parte, os datos dos inicios século XVI correspondentes a HG-P son pouco significativos, pois están calculados sobre unha mostra de só 12 ocorrencias, con 6 de cada tipo: as acabadas en *-ud-* en documentos de 1502 e 1506, e as outras en documentos de 1506 e 1515. É digno de especial atención un documento labrado en Pontevedra no ano 1506 (HG-P, pp. 242-245) en que alternan *contbiudo*, *contbiuda*, *contbiudas* e *tbiudos*, por unha parte, e *avjdo*, *avjdos* e *tangida*, pola outra.

	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV	Séc. XVI
HG-P	1,75	3,75	53,50	50
USC ¹⁵		8,50	38,50	
AP			70	

Táboa 2. Porcentaxes de participios regulares da CII e de *vñir* e derivados terminados en *-id(o(s), a(s))* en textos notariais galegos.

Sabemos, por tanto, que o cambio para a decidida preferencia a prol da desinencia *-id-* se deu nas fontes notariais galegas durante o catrocentos. Con todo, convén afinar esta análise cronolóxica concentrando a nosa atención no período abranguido entre 1351 e 1500 e compartimentándoo en espazos de cincuenta anos. Os datos resultantes de realizar este escrutinio nas coleccións documentais HG-P e USC reflectinos na táboa 3:

	Séc. XIV ²	Séc. XIV ¹	Séc. XV ²
HG-P	14,25	36,75	88,25
USC	14,75	37,50	72,75

Táboa 3. Porcentaxes de participios regulares da CII e de *vñir* e derivados terminados en *-id(o(s), a(s))* en textos notariais galegos dos períodos 1351-1400 (XIV²), 1401-1450 (XV¹) e 1451-1500 (XV²).

A táboa 3 amosa con clareza que o avance da variante innovadora durante a primeira metade do século XV encontrou plena continuidade durante os cincuenta anos seguintes. É certo –e non se pode ocultar o dato– que para o período de 1451 a 1500 contamos con moitas menos ocorrencias que para o que vai de 1401 a 1450, tanto en HG-P (38 na primeira parte do século, 17 na segunda) coma, sobre todo, en USC (179 fronte a 11). Dada esta carencia das fontes exploradas, as porcentaxes ofrecidas poderían resultar pouco representativas. Con todo, debo dicir que falan ao seu favor os datos provenientes doutros dous textos da segunda metade do século XV: a *Crónica*

¹⁵ Non considerei tres casos de participios integrados en documentos do século XIII pertencentes á colección USC (todos con *-ud*: *contiudo*, p. 18, ano 1295; *Conusçuda*, p. 13, ano 1284; *Conuçuda*, p. 17, ano 1295), por non resultar representativa unha mostra tan pequena.

de Iria (1467-1468), cun 94.25 % de testemuños para a variante innovadora, e o libro de notas do Álvaro Pérez (AP), composto fundamentalmente en 1457, cun 70 % para a mesma variante.

Podemos afirmar, por tanto, que nos textos escritos posteriores aproximadamente a 1450 a desinencia **-ud-** vai aparecendo xa como unha variante en declinio imparable e, como imos ver de inmediato, soamente utilizada con determinados lexemas verbais. Tal declinio advírtese tanto nas fontes historiográficas (CI) coma nas notariais (HG-P, USC, AP).

En documentos galegos de HG-P anteriores a 1351 a variante innovadora só se rexistra nunha ocasión cun verbo do grupo 1: *conosçida*, p. 140, ano 1292; mantense en troques a desinencia antiga no recorrente participio *conosçuda* (contido na fórmula “conosçuda cousa seja”), así coma noutros casos do grupo 1 (*metuda, vendudo*), do grupo 2 (*sabuda*, na fórmula “sabuda cousa seja”) e do 3 (*conteudo, leuda, teudo* e variantes). Para o mesmo período USC presenta máis testemuños da innovación, tanto no grupo 1 (*constrengida*, p. 129, ano 1333; *reuendidas*, p. 170, ano 1340; *vendido*, p. 225, ano 1350; *uendidos*, p. 163, ano 1338) coma no 2 (*deçubida*, p. 129, ano 1333; *deuidos*, p. 271, ano 1310; *mouidos*, p. 162, ano 1338; *reçebidos*, p. 217, ano 1350), pero en ambos os casos son más abundantes as ocorrencias da solución tradicional: *conosçuda* (moi frecuente), *taniuda, reçebudo* (moi frecuente), *auuda*. No grupo 3 consérvanse sempre as formas antigas (*conteudo, creudo, leuda, teudo* e variantes), mais cómpre consignar o caso de *muydo* (p. 220, ano 1350), do verbo *moer*, con hiato **-oe-** no infinitivo.

Nos documentos galegos de HG-P datados na cincuentena que vai de 1351 a 1400 só comparece a innovación *costre/gida* (p. 62, ano 1399), cun verbo do grupo 1, mentres que a variante **-ud-** se usa con outro verbo do grupo 1 (*tanger*) e con todos os que aparecen do 2 (*deçeber* e o frecuente *reçeber*) e do 3 (*contēer, tēer*). Para o mesmo período a colección USC presenta tres ocorrencias innovadoras do grupo 1 (*constrengydos*, p. 259, ano 1386; *vendido*, p. 238, ano 1356; *vendidos*, p. 258, ano 1385) e unha do 2 (*reçebidas*, p. 229, ano 1351), pero son moito más frecuentes os recorrentes participios tradicionais de *conoscer* (grupo 1) e de *reçeber* (grupo 2); nos verbos do grupo 3 (*contēer, leer, tēer*) persiste **-ud-** como a única variante empregada.

Os instrumentos notariais galegos de HG-P elaborados entre 1401 e 1450 xa mos-tran a innovación coa maioría dos verbos do grupo 1 (*asconder, costrenger, despen-dere, estabelescer, tanger, trager*) e do 2 (*aver, deceber, dever, reçeber*), coas únicas excepcións esporádicas de *erguer* e *deçeber*; polo contrario, os recorrentes participios dos verbos do grupo 3 (*contēer, leer, tēer*) manteñen a variante **-ud-**. Pola súa parte, os documentos da mesma época contidos en USC tamén amosan a innovación coa maioría dos verbos dos grupos 1 (*asconder, costrenger, estabelescer, fiinçer, proçeder, tanger, vençer, vender*) e 2 (*aver, dever, espremer, mover, reçeber*), mais coñecen tamén a variante **-ud-** para *costrenger* e *tanger* (grupo 1) e mais para *deçeber* e *reçeber* (grupo 2); así mesmo, predominan con toda a rotundidade os participios con **-ud-** para tres verbos do grupo 3 (*contēer, leer, tēer*), pero –de seren correctas as lecturas dos editores– aparecen xa agora os primeiros testemuños da innovación en *liido* (p. 300, ano 1423), *contida* (p. 393, ano 1438) e *leydo* (p. 359, ano 1434), así como no participio de *raer: raydo* (p. 298, ano 1422; p. 1350, ano 1434; p. 412, ano 1441), *raido* (p. 350, 1434).

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN -UDO EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

Para a cincuentena que vai de 1451 a 1500 os documentos galegos de HG-P atéñense exclusivamente ao uso moderno con todos os verbos dos grupos 1 (*carecer, falecer, tanger*) e 2 (*aver, rreceber*), pero conservan o antigo cunha unidade do 3 (*contēer*), coa particularidade da aparición dos castelanismos *continido* (p. 180), *continjdo* (p. 179) e *cōtinjdas* (p. 180) nun instrumento de 1500. En USC observamos praticamente o mesmo: uso moderno cos grupos 1 (*costrenger, fenecer, tanger*) e 2 (*aver, reseuer*) e uso antigo con *contēer*, cunha ocorrencia do castelanismo *contenido* (p. 509, ano 1495). No libro de notas de Álvaro Pérez (AP) (1457) o uso moderno tamén é constante no grupo 1 (*coller, coñoçer, coser* < CONSUERE, *coser* < COQUERE, *encorrer, establecer, perder, poder, vençer, vender*) e no 2 (*aver, deuer, rreceber, saber*), mentres que no 3 hai oscilación entre *cōtiúdo* (912, 1163, 1441, 1589, 1620, 2165), *cōviúdos* (2444), *tiúdo* (695, 1224, etc.), *tiúda* (1091, 1315) e *tiúdos* (1163, 2583, 3014), por unha parte, e *leýdo* (2214), *leýda* (1812, 2469, 2934), por outra, alén dos castelanismos *avenjdos* (353, 478, 776, 807), *cōbenjdos* (795, 829), *cōuenjdos* (288, 2431) e *venjdo* (464).

Finalmente, nos escasos textos galegos de HG-P que son posteriores a 1501 o uso antigo só se observa con verbos do grupo 3, cos que se usa constantemente (*cōtjudo*, p. 126, ano 1502; *contbiudo*, p. 243, ano 1506; *contbiuda*, p. 244, ano 1506; *contbiudas*, p. 244, ano 1506; *tjuda*, p. 127, ano 1502; *thiudos*, p. 244, ano 1506), coa salvidade do castelanismo lexical *cōtenjdas* (p. 127, ano 1502). Cos máis verbos, quer do grupo 1 (*tangida*, p. 243, ano 1506), quer do 2 (*avjdo*, p. 243, ano 1506; *avjdos*, p. 244 –2 veces–, ano 1506 e p. 67, ano 1515; *rrescebido*, p. 66, ano 1515) o uso moderno semella consolidado. A este respecto, paréceme oportuno reiterar agora a lembranza do caso do documento pontevedrés de 1506 (HG-P, pp. 242-245) en que alternan *contbiudo*, *contbiuda*, *contbiudas* e *thiudos*, por unha parte, e *avjdo*, *avjdos* e *tangida*, pola outra.

Finalmente, indicarei que en AP o participio de *teer* só o encontro coa acepción de ‘obrigado’, coma na secuencia seguinte: “que seja tiúdo de os tomar e lle deixar seu logar deseñbargado” (AP 695). O mesmo acontece co *tjuda* e o *thiudos* de instrumentos notariais de HG-P datados en 1502 e 1506, respectivamente: “que seja tjuda e obligada” (HG-P, p. 127), “soodes thiudos e obligados de o conpir” (HG-P, p. 244). Recórrese que, como apunta Carvalho (2001: 403), na copia do *Livro de José de Arimateia* de mediados do século XVI *teudos* significa sempre ‘obrigados moralmente a’, mentres que a variante do participio de ter con desinencia *-id-* ten a acepción de ‘considerado’. Estamos, por tanto, ante unha reliquia do uso antigo fosilizada nunha determinada especialización semántica, e tanto en territorio galego coma en terra portuguesa. En portugués, segundo Carvalho (2001: 403), esta reliquia persistiu polo menos ata o século XIX. Carezo de datos sobre a fortuna que correu en galego despois de 1506.

4. Conclusións

Na lingua oral a variante innovadora *-id/o(s), a(s)]* xa se usaba no século XIII. Así o evidencian non só os seus non poucos rexistros na documentación notarial da segunda metade desta centuria, senón tamén as súas ocasionais ocorrencias nas *Cantigas de Santa María* e na lírica profana, onde afloran a pesar da patente preferencia dos autores ou compiladores destas obras pola variante antiga. Pola súa parte, os datos

de GE inducen a pensar que xa na primeira metade do século XIV a variante *-id/o(s), a(s)l* debía de ser unha opción solidamente instalada no romance galego, especialmente en certas variedades da lingua que actualmente non podemos identificar. Finalmente, os testemuños de CI, AP e os documentos máis tardíos de HG-P e USC producen a sensación da que na segunda metade do século XV a mudanza estaría altamente consolidada no galego oral, coa salvidade dalgúns poucos unidades especialmente resistentes á transformación.

Nos textos escritos de carácter literario ou historiográfico vimos como, despois da cativísima presenza da innovación en CSM e mais en LP, entre o final do século XIII e mediados do XV fóronse alternando obras con preponderancia manifesta do uso antigo (TC, CT, MS) e obras con predominio igualmente manifesto da variante innovadora (GE, HT, CI). Como xa afirmé anteriormente, non debe estranhar que, ante unha mudanza lingüística en marcha, haxa textos más abertos ca outros a acoller a innovación. Estas diferenzas obedecerán a razóns relacionadas coas biografías dos seus autores ou tradutores. Desafortunadamente, o pouquísmo que aínda sabemos sobre as vidas dos que elaboraron TC, GE, CT, HT, MS e CI non nos permite avanzar con seguруanza por esta vía.

Canto ás fontes notariais consultadas, observamos que, a pesar de que a innovación *-id/o(s), a(s)l* xa logrou unha considerable acollida en documentos galegos da segunda cincuentena do século XIII, foi na primeira metade do XV cando esta experimentou un avance verdadeiramente notable que encontrou continuidade e desenvolvemento durante as décadas seguintes, mesmo ata os principios do XVI, cando o galego deixou de utilizarse por completo para o desempeño de funcións administrativas.

Finalmente, confirmamos que as fontes galegas analizadas concordan coas portuguesas na demora con que accollerón a innovación *-id/o(s), a(s)l* para os verbos do grupo 3, entendido este como aquel que integra aquelas unidades con hiato *-ee-*, *-eje-* ou *-ñi-* no infinitivo (*creer, leer, tēer, veer, vīir* e derivados): a este respecto, o rexistro galego máis antigo aquí consignado é o *Liido* (USC, p. 300) de 1423, mais o certo é que aínda nas fontes da segunda metade do XV e dos inicios do XVI se mostran moi firmes os participios *contiúdo, conviúdo* e *tiúdo*, este último coa acepción de ‘obrigado’. Polo contrario, non encontrei diferenzas dignas de nota no tocante á cronoloxía da mudanza nos grupos 1 e 2, pois a preferencia pola variante innovadora en ambos os casos xa é moi marcada en fontes historiográficas da primeira (GE) e da segunda metade (HT) do século XIV, resulta notoria sen grandes distincións na parte de CT (1373) elaborada por Fernán Martís e nos documentos notariais de entre 1401 e 1450 e semella consolidada –tamén sen distincións– tanto en CI coma nos documentos posteriores a 1450. Para verbos con hiato *-ae-* no infinitivo (*caer, retraeer, raer, traer*) detectei a desinencia *-id-* xa en TC (ca. 1295-1312), e para moer podo aducir o caso de muydo (USC, p. 220), empregado nun texto notarial de 1350.

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN -UDO EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

FONTES EXPLORADAS

- AP: Fernando Rafael Tato Plaza (1999), *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.
- CI: Rui Vasquez (2001), *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón de José António Souto Cabo, Santiago, Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro.
- CSM: Walter Mettmann (ed.) (1959-72), Alfonso X: *Cantigas de Santa María*. 4 vols., Coimbra, Acta Universitatis Conimbrigensis. [Reed.: Vigo, Xerais, 1981 (2 vols.)].
- CT: Ramón Lorenzo (ed.) (1985), *Crónica Troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- FT: Pilar Lorenzo Gradín & José António Souto Cabo (coords.) (2001), *Livro de Tristan e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- GE: Ramón Martínez López (ed.) (1963), *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.1. del Escorial*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de –, Oviedo, Publicaciones de *Archivum*, Universidad. Tivérone en conta as correccións de Ramón Lorenzo & Xosé Luís Couceiro, 1999, “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)”, in Rosario Álvarez & Dolores Vilavenda (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627; e Ramón Lorenzo & Xosé Luís Couceiro, 1999, “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)”, in M. Teresa García-Sabell et al. (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 209-233.
- HG-P: Clarinda de Azevedo Maia (1986), *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.
- HT: Kelvin M. Parker (ed.) (1975), *Historia Troyana*. Edición e introducción de –. Santiago: Instituto "Padre Sarmiento". Tivérone en conta as correccións de Ramón Lorenzo, 1982, “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, in *Verba* 9, pp. 253-290.
- LP: Mercedes Brea López (coord.) (1996), *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.
- MS: José Luis Pensado Tomé (ed.) (1958), *Os Miragres de Santiago. Versión gallega del Código latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*, Madrid, C.S.I.C. (Anexo LXVIII da *Revista de Filología Española*).
- TC: Ramón Lorenzo (ed.) (1975/1977), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de –. 2 vols. [vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol. 2: Glosario, 1977], Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.

USC: María Xosé Justo Martín / Manuel Lucas Álvarez (1991), *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537). Edición diplomática*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

BIBLIOGRAFIA

- CÂMARA, Joaquim Mattoso (1979), *História e estrutura da língua portuguesa*, 3^a ed., Rio de Janeiro, Padrão.
- CARVALHO, Maria José (2001), “Cronologia(s) da substituição da terminação participial *-udo* por *-ido* no português medieval (sécs. XIII-XVI)”, in *Revista Portuguesa de Filologia* 23, pp. 381-409.
- CARVALHO, Maria José (2002), “Periodização da língua portuguesa nun contexto social: uma contribuição para a Sociolinguística histórica”, *Revista Galega de Filoloxía* 3, pp. 11-27.
- COELHO, Francisco Adolfo (1870), *Teoria da conjugação em latim e português. (Estudo de gramática comparativa)*, Lisboa.
- CUNHA, António Geraldo da (1994), *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*, 2^a ed. revista e acrescida de um suplemento, Rio de Janeiro, Nova Fronteira.
- DCECH: Joan Corominas e José António Pascual (1987/1989/1991), *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*, 6 vols., Madrid, Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- FERREIRO, Manuel (1995), *Gramática histórica galega*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- GRANDGENT, Crales Hall (1970), *Introducción al latín vulgar*, 4^a ed., Madrid, CSIC.
- LAPA, Manuel Rodrigues (1970), *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, 2^a edição, revista e acrescentada, Vigo, Galaxia.
- LLOYD, Paul M. (1993), *Del latín al español. I. Fonología y morfología históricas de la lengua española*, Madrid, Gredos.
- LORENZO, Ramón (1968), *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português (Anotações ao Dicionário etimológico de José Pedro Machado)*, Vigo, Galaxia.
- LORENZO, Ramón (1985), “Introducción”, in R. Lorenzo (ed.): *Crónica Troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, pp. 5-211.
- LORENZO, Ramón (1995), “La koiné gallega”, in Günter Holtus & Michael Metzeltin & Christian Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 2, 2: *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete vom Mittelalter bis zur Renaissance / Les différentes langues romanes et leurs régions d'implantation du Moyen Âge à la Renaissance*, Tübingen, Max Niemeyer, pp. 649-679.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986), *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência á situación do galego moderno)*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.

CRONOLOXÍA DA DESAPARICIÓN DOS PARTICIPIOS VERBAIS TERMINADOS
EN -UDO EN FONTES GALEGAS MEDIEVAIS

- MAIA, Clarinda de Azevedo (1994), "O Tratado de Tordesilhas: algumas observações sobre o estado da língua portuguesa em finais do século XV", *in Biblos* 70, pp. 33-91.
- NUNES, José Joaquim (1989), *Compêndio de gramática histórica portuguesa (Fonética e Morfologia)*, 9^a ed., Lisboa, Clássica Editora [1^a ed.: 1919].
- PENNY, Ralph (1991), *A History of the Spanish Language*, Cambridge, Cambridge University Press.
- PIEL, Joseph-Maria (1989), "A flexão verbal do português (Estudo de morfologia histórica)", *in* Joseph-Maria Piel, *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, pp. 231-244.
- WILLIAMS, Edwin B. (1975), *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*, 3^a ed., Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro [1^a ed.: 1961. Ed. orixinal: *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*, Pennsylvania / Oxford, University of Pennsylvania Press / Oxford University Press, 1938].

